

Martes, 23 de febreiro de 2021

Núm. 36

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Subvencións e axudas

*EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
POLA QUE SE CONVOCAN SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA
O APOIO AO DESENVOLVEMENTO DE FESTIVAIS MUSICAIS E DE ARTES ESCÉNICAS
NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2021*

*EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DE 12 DE
FEBREIRO DE 2021 POLA QUE SE CONVOCAN SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO
PARA O APOIO AO DESENVOLVEMENTO DE FESTIVAIS MUSICAIS E DE ARTES ESCÉNICAS NA
PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2021*

BDNS(Identif.):549960

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/549960>)

1. Beneficiarios:

As asociacións que: carezan de fins de lucro, desenvolvan as súas actividades no ámbito territorial da provincia de Pontevedra, non estean incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir subvencións públicas, non estean incursas en ningunha das prohibicións para percibir subvencións recollidas na lei e que estean ó corrente coas obrigas tributarias coa Seguridade Social, coa Facenda estatal, coa autonómica e coa Deputación de Pontevedra.

2. Obxecto

Subvencións dirixidas a financiar a organización de festivais ou certames musicais e teatrais de prestixio que teñan lugar na provincia de Pontevedra, que dediquen unha especial atención á programación e difusión da música e do teatro galego, ademais doutras variantes artísticas e que reúnan os requisitos establecidos na base cuarta da convocatoria. Establécense dúas modalidades de actuación:

- festivais de música, e
- festivais de artes escénicas.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:ZA6VAZXAE7A7Q0NF



Martes, 23 de febreiro de 2021

Núm. 36

3. Bases reguladoras

Bases de subvencións aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de 12 de febreiro de 2021, Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, bases de execución do Orzamento xeral da Deputación do exercicio 2021, na LXS e na demais lexislación de desenvolvemento

4. Contía

150.000,00 €.

5. Prazo de presentación

O prazo para a presentación de solicitudes empezará a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e o seu extracto no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO) e rematará o 8 de abril de 2021.

6. Outros datos de interese

- Solicitudes e documentación: Cada entidade poderá presentar unha única solicitude, en modelo normalizado e coa documentación establecida na base sétima.
- Procedemento de concesión: concorrencia competitiva
- Criterios de valoración: os establecidos na base décima da convocatoria.
- Gastos subvencionables: aqueles que de xeito indubidable respondan á realización do proxecto e se inclúan entre os seguintes: os necesarios para o desenvolvemento da actividade obxecto de subvención
- Compatibilidade: Si
- Forma de pago: Transferencia
- Forma de xustificación: mediante a presentación de facturas, conta xustificativa dos gastos, memoria xustificativa na que figuren todas as actividades realizadas e sinaladas previamente no expediente, incluíndo toda a programación paralela a efectos de comprobar o cumprimento das condicións establecidas na solicitude de subvención e acreditar a debida difusión nos termos previstos na base décimo terceira da convocatoria.
- Prazo máximo de xustificación: 28 de febreiro de 2022.

Pontevedra, 19/02/2021

A Presidenta, María del Carmen Silva Rego

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: ZA6VAZXAXETA7Q0NF

